2.6.- Axustar as propostas de apoio educativo á realidade de cada alumna ou alumno con intencións inclusivas, integradoras e enriquecedoras, orientadas polo potencial de aprendizaxe do alumnado.

· *Accións:*

- Organización dos apoios ao alumnado con n.e.a.e. e alumnado con n.e.e.
- Programas de traballo a desenvolver co alumnado con n.e.e.
- Avaliacións psicopedagóxicas e informes para o alumnado con n.e.a.e.
- Solicitar a colaboración do Equipo de Orientación Específico.

· *Temporalización:*

- *Todo o curso.*

· *Execución e recursos:*

- Orientador, Profesoras de P.T. e A.L., Profesorado titor.
- Equipo de Orientación Específico

2.7.- Asesorar ao profesorado en xeral, nos procesos de axuste e desenvolvemento das concrecións curriculares, das programacións, medidas de reforzo educativo e nas adaptacións curriculares, ofertando os recursos do D.O. que precisen.

· *Accións:*

- Proporcionar ao profesorado titor aqueles recursos para identificar os problemas de aprendizaxe.
- Análise dos resultados.
- Reunións periódicas coas distintas titorías das dúas etapas.
- Participación do orientador e mestras de P.T. e A.L. nas xuntanzas de avaliación trimestrais.

· *Temporalización:*

- Todo o curso.

.Execución e recursos:

- Titoras/es.,profesoras de PT e AL, Orientador.

2.8- Facilitar á Comunidade Educativa os apoios e asesoramento necesarios para que o alumnado poida afrontar axeitadamente os momentos máis decisivos e dificultosos.

. Accións:

- Análise da problemática.
- Aplicar medidas consensuadas.
- Seguimento do proceso.

.Temporalización:

- Todo o curso escolar.

. Execución e recursos:

- Profesorado titor, especialistas, profesoras de P.T. e A.L., orientador.

2.9.- Potenciar a coordinación e cooperación entre o Centro e as familias, facéndoas partícipes daqueles aspectos da orientación educativa nos que poden incidir en maior medida para o desenvolvemento integral das súas fillas e fillos.

. Accións:

- Entrevista co alumnado e familias.
- Reunións das familias por titorías para presentar a dinámica da aula, do centro e outros temas educativos de interese.
- Reunións das familias co orientador co obxectivo de recoller información, acadar cooperación ou dar asesoramento.
- Reunións periódicas dalgunhas familias co orientador e titora/or para traballo e asesoramento especial en relación cunha grave problemática de índole familiar ou de comportamento da alumna/o.

.Temporalización:

- Todo o curso escolar.

. Execución e recursos:

- Profesorado titor, profesoras de P.T. e A.L, orientador.

2.10.- Establecer canles de coordinación entre os departamentos de orientación da zona para facilitar o tránsito do alumnado entre as etapas educativas.

. Accións:

- Establecer reunións das xefaturas de orientación.
- Estudo do alumnado con necesidades específicas de apoio educativo.
- Celebración de xornada de portas abertas nos I.E.S.
- Xuntanzas mensuais coas orientadoras/es da cidade e comarca.
- Xornadas, congresos, cursos de formación..sobre a orientación ou problemáticas educativas importantes.

.Temporalización:

- Todo o curso escolar.

Execución e recursos:

- Departamentos de Orientación da zona, cidade ou comarcal, nacional..
- E.O.E.

2.11.- Potenciar canles de coordinación entre o centro e outros servizos ou instancias relacionadas: E.O.E., I.E.S., orientadores da cidade e comarca, servizos médicos, psicolóxicos, hospitalarios, sociais (Centro Cívico de Montealto ou da Cidade Vella, Cruz Vermella, ProInfancia.).

. Accións.

- Estudo dos casos con necesidades de coordinación con outros servizos ou instancias.
- Coordinacións puntuais e xuntanzas necesarias.

. Temporalización:

- Todo o curso escolar.

. Execución e recursos:

- Departamento de Orientación.

2.12.- Empregar as novas tecnoloxías como instrumento de aprendizaxe para o alumnado con n.e.e. e n.e.a.e.

. Accións:

- Recompilar e mercar algúns programas informáticos de atención á diversidade.
- Iniciar ou continuar co alumnado no uso destes programas.

. Temporalización

- Todo o curso escolar.

. Execución e recursos:

- Profesorado titor, profesoras de P.T.e A.L, orientador.

2.13.- Colaborar coa Comisión de Coordinación Pedagóxica.

. Accións:

- Estudo da situación actual.
- Posta en práctica de propostas, protocolos de actuación..
- Seguimento.

. Temporalización:

- Todo o curso escolar.

. Execución e recursos:

- Comisión de Coordinación Pedagóxica.
- Todo o profesorado.
- Departamento de Orientación.

2.14.- Adquirir novos e necesarios recursos motivadores para o Departamento de Orientación que tamén serán utilizados polas titorías e/ou especialistas.

. Accións:

- Identificación e selección por áreas dos recursos que se necesiten no D.O.: lingua galega, matemáticas, área afectivo-social, altas capacidades.
- Solicitud da partida económica que se precise.
- Mercar os novos recursos pedagóxicos.

- Temporalización:
- Trimestral.

Execución:

- *Departamento de Orientación.*

2.15.- Realizar a Memoria Final do curso 2018/2019, en base ao desenvolvemento do Plan de Orientación, indicando os posibles Problemas Detectados, así como, as Propostas de Mellora que se terán en conta o vindeiro curso. Facer os Programas DR-DADY e DR-DORIENTA deste curso.

. Accións:

- Análise dos Obxectivos Anuais.
- Problemas Detectados
- Propostas de Mellora.
- Facer os Programas sinalados anteriormente.

. Temporalización:

- Memoria final do curso 2018/2019: Mes de xuño
- Programa DR-DADY: 1º trimestre.
- Programa DR-DORIENTA: Mes de xuño ou 1ª quincena de xullo.

. Execución:

- Orientadora.

3.- RECURSOS COS QUE CONTAMOS

3.1.- Recursos humanos:

- Profesorado titor e profesorado especialista do Centro. (Ver o P.X.A.).
- Departamento de Orientación (Ver o P.X.A.).
- Xefe do Departamento de Orientación.
- 2 Profesores de Pedagogía Terapéutica.
- 1 Profesora de Audición e Linguaxe.
- 2 Profesoras de Apoio de Educación Infantil (Ver o P.X.A.).
- Coordinadoras/es de ciclo (Ver o P.X.A.).
- Departamentos de Orientación do I.E.S." Ramón Menéndez Pidal" (Zalaeta) e do I.E.S. "Adormideras" aos que está adscrito o noso Centro.

3.2.- Recursos materiais:

- Concrecións curriculares, proxectos e programas diversos.
- N.O.F.
- Plan de Atención á Diversidade.
- Escalas de observación e probas psicopedagógicas.
- Fichas acumulativas e expedientes do alumnado.
- Algúns xogos de diferentes áreas..
- Material escolar, específico e de reforzo educativo.
- Bibliografía específica sobre os aspectos que interveñen no proceso de ensino-aprendizaxe..
- Folletos informativos.
- Material informático e audiovisual.

4.- METODOLOXÍA

A metodoloxía a empregar para o desenvolvemento do Plan deberá favorecer a participación activa e cooperativa por parte de todas e todos as implicadas/os no mesmo.

- Potenciaranse as estratexias que favorezan a adquisición de aprendizaxes instrumentais, competencias básicas, habilidades sociais, estratexias de aprendizaxe e técnicas de traballo intelectual (traballo cooperativo, titorías entre iguais, aprendizaxe por proxectos, aprendizaxe por tarefas...).
- Tratarase de levar a cabo unha detección temperá das necesidades educativas do alumnado mediante: a observación directa do titor/a e o propio departamento, a avaliación inicial, as sesións de avaliación, a valoración individual que fai o profesorado do desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe dunha determinada alumna/o, o emprego de protocolos para a detección temperá de discapacidades, trastornos, dificultades de aprendizaxe e altas capacidades e as avaliacións psicopedagóxicas.
- Detectadas as necesidades educativas elaboraranse e desenvolveranse as medidas de atención á diversidade que máis favorezan o proceso de ensino-aprendizaxe do alumnado

5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN DO PLAN

Trala avaliación inicial, levarase a cabo unha avaliación formativa ao longo do curso utilizando como instrumento de avaliación as actas das reunións do Departamento de Orientación nas reunións previstas nos calendarios pertinentes, onde se deberán adoptar as medidas correctoras que sexan necesarias dende os primeiros momentos (proceso con feed-back).

Criterios de Avaliación: Grao de coordinación entre os membros do Departamento de Orientación e calidade da mesma.

- A. Grao de coordinación acadado coas institucións e axentes externos e calidade da mesma.
- B. Grao de participación do alumnado nas actividades previstas.
- C. Grao de participación e implicación do equipo docente nas actividades e medidas propostas e nivel de cumprimento.
- D. Efectividade e validez das medidas de atención á diversidade.
- E. Idoneidade dos medios e recursos dispoñibles para a realización das avaliacións psicopedagóxicas.
- F. Grao de coordinación e colaboración coas familias do alumnado.

Ao remate do curso, farase unha avaliación sumativa que permita determinar se foron acadados os obxectivos, se a temporalización foi a axeitada, os problemas detectados na súa aplicación e as Propostas de Mellora que se terán moi en conta no curso 2020/2021. Poderá levarse a cabo un cuestionario sobre este asunto.

Os datos obtidos da avaliación serán os que nos sirvan de punto de partida para a elaboración do Plan de Orientación do vindeiro curso.

12.2.- CONCRECIÓN ANUAL PLAN XERAL DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (PXAD)

CEIP Plurilingüe Víctor López Seoane
Curso 2020-2021

Artigo 11 do Decreto 229/2011, do 7 de decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación (DOG)

NDICE

1. Introducción
2. Medidas de Atención á Diversidade Curso 2020-2021
3. Seguimento e avaliación

1.INTRODUCCIÓN

O Plan Xeral de Atención a Diversidade (PXAD) constitúe o documento no que se articula a atención á diversidade. Nel concretaranse as actuacións e medidas de atención á diversidade que o noso centro educativo deseñou e desenvolverá para adecuar a resposta educativa ás necesidades da totalidade do alumnado, abarcando todas as etapas educativas (Art. 10, D.229/2011).

Ao comezo de cada curso escolar, os departamentos de Orientación dos centros elaborarán a proposta da concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade, que debe formar parte da programación xeral anual (Art. 11.4, D.229/2011).

No presente documento recóllense as medidas de atención á diversidade, ordinarias e extraordinarias, o persoal docente encargado de desenvolvelas e o alumnado ao que estarán dirixidas e temporalización. Terase en conta o alumnado con necesidades específicas de apoio educativo contemplado na previsión do Departamento de Orientación xunto cos elementos concretados nos demais plans específicos do departamento e do centro educativo.

Trátase dunha concreción flexible e modificable atendendo ás necesidades atopadas ao longo do curso escolar 2019-2020.

MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE CURSO 2020-2021

TIPO	MEDIDAS	RESPONSABLE	DESTINATARIO	TEMPORALIZACIÓN
O	Adecuación da estrutura organizativa do centro (horarios, agrupamentos, espazos) e da organización e xestión da aula ás características do alumnado.	Todo o profesorado	Todo o alumnado	Ao longo do curso
O	Adecuación das programacións didácticas ao contorno e ao alumnado.	Profesorado de área	Todo o alumnado	Ao longo do curso
O	Adaptación dos tempos e instrumentos ou procedementos de avaliación.	Todo o profesorado	Todo o alumnado	Ao longo do curso

O	Desdobramentos de grupos.	Todo o profesorado	Todo o alumnado	Ao longo do curso
O	Reforzo educativo e apoio do profesorado con dispoñibilidade horaria.	Todo o profesorado	Alumnado con NEAE que o requira	Ao longo do curso
O	Programas de enriquecemento curricular.	Profesorado de área co asesoramento do Departamento de Orientación	Alumnado con NEAE que o requira	Ao longo do curso
O	Programas de reforzo nas áreas instrumentais básicas.	Profesorado de área co asesoramento do Departamento de Orientación	Alumnado con NEAE que o requira	Ao longo do curso
O	Programas de recuperación.	Profesorado de área co asesoramento do Departamento de Orientación Programa ARCO	Alumnado con NEAE que o requira Alumnado con necesidade de reforzo nas áreas instrumentais	Ao longo do curso
E	Adaptacións curriculares.	Profesorado de área co	Alumnado con NEAE que o	Ao longo do curso

		asesoramento do Departamento de Orientación Equipo Directivo	requira	
E	Apoio do profesorado especialista en Pedagogía Terapéutica e/ou en Audición e Linguaxe	Departamento de Orientación	Alumnado con NEAE que o requira	Ao longo do curso
E	Flexibilización	Departamento de Orientación Equipo Directivo Mestre/a	Alumnado con NEE que o requira	Mes de Abril

*(O): Medida ordinaria; (E): Medida extraordinaria

3.SEGUIENTO E AVALIACIÓN

O equipo directivo incorporará a concreción anual do Plan Xeral de Atención á Diversidade á programación xeral anual, e velará polo seu cumprimento, avaliación e memoria (Art. 11, D.229/2011). Esta memoria incorporárase á memoria final do Departamento de Orientación e, en consecuencia, á memoria anual do centro (Art. 13, D.229/2011).de cada curso, de acordo cos datos do proceso de seguimento e avaliación.

PLAN ANUAL DE LECTURA



“A BIBLIOTECA COMO CORAZÓN DA ESCOLA”

CEIP VÍCTOR LÓPEZ SEOANE

2020-2021

ÍNDICE

1. INTRODUCCIÓN
2. PROTOCOLO COVID
3. OBXECTIVOS
4. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN
5. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO
 - A) EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN E XESTIÓN
 - B) EN RELACIÓN Á DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR
 - C) EN RELACIÓN Á FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL
 - D) EN RELACIÓN AO FOMENTO DA LECTURA E O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.
6. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS
7. ITINERARIOS LECTORES
8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS
9. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

1. INTRODUCCIÓN

O Plan Anual de Lectura é un programa de accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, encamiñado a mellorar as competencias básicas de lectura e de escritura do alumnado en todas as áreas do currículo. Este plan forma parte da Programación Xeral anual e intégrase nas programacións didácticas de aula.

A adquisición de estratexias de busca, selección, valoración, uso e produción de información en diferentes soportes e formatos, así como a adquisición do hábito lector, ou polo menos, de espertar o gusto pola lectura, son imprescindibles para a adquisición das competencias clave, especialmente a competencia en comunicación lingüística, a competencia dixital, a conciencia e expresións culturais e aprender a aprender.

Para a elaboración do plan anual de lectura tívose en conta as orientacións *das Instrucións do 1 de setembro da Dirección Xeral de Centros e Recursos Humanos en relación coa organización e o funcionamento das bibliotecas escolares, durante o curso 2020/2021, nos centros de niveis non universitarios, de titularidade da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional. Xunto co Protocolo de adaptación ao contexto da covid-19 nos centros de ensino non universitario da Consellería de Cultura, Educación e Universidade; e a carta de navegación publicada pola asesoría de bibliotecas escolares.*

Este curso académico 2020/2021 estará marcado pola alerta sanitaria e os posibles escenarios que se poidan ir desencadeando ao longo do mesmo.

O presente plan recolle o protocolo COVID-19 a aplicar na Biblioteca escolar dada a necesidade de reorganizar espazos, tempos e recursos para dar cumprimento ao protocolo de adaptación.

A atención á xestión emocional de toda a comunidade educativa: alumnado, familias, persoal non docente, profesorado... e o cumprimento das medidas sanitarias marcadas presidirán cada unha das propostas e actividades que dende a Biblioteca se desenvolvan.

2. PROTOCOLO COVID

No presente curso 2020/21 seguindo o **protocolo COVID-19** o uso dos espazos e tempos reorganízase para adaptalos ás medidas sanitarias decretadas.

3. OBXECTIVOS

- Desenvolver actividades de biblioteca e fomento da lectura e continuar algunhas xa iniciadas en cursos anteriores como son: “Hora de ler”, contacontos, conmemoracións, certames literarios, semana das letras, manter o blogue da biblioteca ...
- Promover o uso dos recursos do centro de forma que contribúan en tódalas áreas ao desenvolvemento de ALFIN e do uso das TICS.
- Potenciar o uso da biblioteca escolar como un centro de recursos eficaz para a ensinanza e o aprendizaxe e como o elemento dinamizador da actividade lectora, fomento de valores e compensadora de desigualdades do alumnado atendendo á diversidade. Este ano a través da descentralización nas bibliotecas de aula.
- Potenciar a implicación de toda a comunidade educativa na creación de hábitos lectores como parte da rutina diaria.
- Continuar traballando en proxectos comúns, que permitan afondar a todo o profesorado nunha mesma temática.
- Dar a coñecer a figura do autor/a homenaxeado/a nas Letras Galegas 2021.

3. ORGANIZACIÓN E XESTIÓN DE ESPAZOS e TEMPOS

A necesidade de reubicación do alumnado nos espazos dispoñibles para atender as esixencias do protocolo COVID-19 obrigou a reconverter o espazo da biblioteca nunha aula de primaria. Quedando un pequeno espazo nun lateral da aula cos estantes dos libros de ficción de 2º e 3º ciclo así como os libros de información. Os estantes cos libros de infantil e 1º de primaria foron trasladados á aula de usos múltiples, deixando un pequeno.

A idea é que o profesorado poida acceder a estes recursos e potenciar as bibliotecas de aula, facendo préstamos renovables cada mes.

A Biblioteca Escolar do centro será empregada tan só polo equipo de biblioteca e os titores/as (previa cita) en horario non lectivo para non interromper nas clases do grupo de 4º de primaria que ocupa actualmente este espazo. A biblioteca de centro permanecerá polo tanto pechada ao alumnado.

Bibliotecas de aula

Este ano potenciaranse as Bibliotecas de Aula, das que fará uso o alumnado ao longo da xornada escolar. Está formada por fondos da biblioteca do centro que se van cambiando regularmente e fondos propios da propia aula.

Os préstamos para a biblioteca de aula faranse a través do programa MEIGA, pre-

feriblemente por parte do profesorado do equipo de biblioteca. Na sala de mestres colocouse un ordenador onde se instalará o programa Meiga para facer a xestión dos fondos.

Cada profesor/a pode levar para a súa aula ata un máximo de 30 exemplares; e a maiores outros exemplares que sexan do seu interese segundo os temas que estean traballando para poder levar a cabo os diferentes proxectos.

Quedarán reflectidos no MEIGA, a través da aplicación de Autoempréstito, co número de lector do profesor/a. Asemade, os titores/as poderá facer empréstitos indirectos ao seu alumnado.

Cada mes poderá cambiar os libros prestados por outro lote, previa corentena de 48h dos mesmos.

Cada titor/a xestionará a súa biblioteca de aula, baixo as recomendacións do equipo de biblioteca.

O profesorado poderá facer préstamo dos exemplares da súa aula tendo en conta a necesidade de deixar 4 horas en corentena o material antes de prestarllo a outro alumno/a.

O alumnado así como o profesorado, cando leva exemplares emprestados, é responsable da súa custodia ata o momento da devolución. No caso de que o libro se perda ou se deteriore visiblemente deberá substituílo polo mesmo libro ou, no caso de que este esgotado, por outro de similares características.

Horas de ler

Este ano amplíase o horario da hora de ler de 20min. a 30min.

Todo o colexio fai a “Hora de Ler” a horas diferentes: alumnado de infantil e 10:40 a 11:00 horas); 1º, 2º e 3º de Primaria (de 11:50 a 12:20 horas); e 4º, 5º e 6º (de 11:30 a 12:00 horas).

Faranse lecturas de textos literarios, expositivos, xornalísticos, publicitarios, gráficos... Poñendo en práctica distintas fórmulas: lectura silenciosa sostida, lectura guiada, lectura en voz alta, proxectos ao redor dun libro, recitado, contacontos, dramatizacións...

O alumnado de primaria tamén leva a cabo lecturas colectivas de libros mercados polo alumnado; libros que posúe o centro; ou das bibliotecas municipais.

Neste tempo de lectura, prevese contar coas familias invitándoas a compartir este momento co alumnado da aula de xeito telemático ou mediante vídeos. A través dos que compartir lecturas e/ou realizar actividades como contacontos, invención de historias compartidas, tradición oral...

Todas as actividades que se realizan na biblioteca móstranse á comunidade educativa a través do blogue da biblioteca, que ten o nome da anterior mascota.

<http://bibliomistos.blogspot.com>.

4. LIÑAS DE ACTUACIÓN PRIORITARIAS EN RELACIÓN CO PAPEL DA BIBLIOTECA ESCOLAR NO CENTRO

A. EN RELACIÓN Á ORGANIZACIÓN E XESTIÓN

A biblioteca escolar conta cunha colección de recursos en distintos soportes e formatos informatizados no programa Meiga, que se seguirá ampliando durante este curso académico en función das necesidades e dos proxectos desenvolvidos. Dende o blogue da biblioteca pódese acceder a dito catálogo así coma nos ordenadores en sala.

A organización destes exemplares nas seccións da biblioteca será reconsiderada en función das necesidades educativas, do mesmo xeito que o mobiliario, concibíndoa como un espazo flexible e adaptable.

Durante este curso escolar centrarémonos na dotación das bibliotecas de aula.

A coordinación de biblioteca será levada a cabo por Sandra Vázquez Sánchez (apoio de EI). Xunto co equipo de apoio formado por:

Ana Bernárdez Rodríguez (titora 5º EI),
Pilar Begoña López Souto (titora 6º EI),
Ana Pilar Sánchez Bálgora (titora 2º EP)
Elena Bauluz de la Iglesia (especialista EF)
Isabel María Cuns Muñiz (titora de 5º EP)
Carmen Franco Novoa (directora)

HORAS DOS MEMBROS DO EQUIPO

BIBLIOTECA	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
9:00 - 9:50					
9:50 - 10:40			ANA		
10:40 - 11:30					
11:30 - 12:00					
12:00 - 12:20					
12:20 - 13.10					
13:10 - 14:00		SANDRA		SANDRA	

En canto ao voluntariado de primaria como axudantes de biblioteca, aínda temos que ver se será posible e que funcións encomendarlles.

No tocante a actividades concretas traballarase en conxunto co profesorado responsable do English's team; ENDL,TIC, EACE ou CONVICENCIA.

B. EN RELACIÓN Á DINAMIZACIÓN E PROMOCIÓN DOS RECURSOS DA BIBLIOTECA ESCOLAR

A Biblioteca Escolar é o axente dinamizador de todas as actividades relacionadas coa lectura, expresión oral e expresión escrita, polo que organízanse e propóñense actividades como:

- “Hora de ler”, préstamo de libros, dramatizacións das lecturas, recitais poéticos, concursos de contos, obradoiros de escritura, contacontos,... que fomentan a implicación tanto do alumnado como das familias en actividades sistemáticas de lectura e de expresión escrita e oral.
- Fomento das capacidades, das competencias básicas e do uso das TICS a través do enriquecemento do blog da biblioteca, de actividades de ALFIN, formación de usuarios e busca de información.
- Motivación, ambientación e decoración de espazos con exposición de fondos para as diversas conmemoracións e temáticas traballadas ao longo do curso escolar.
- Proposta e organización de encontros virtuais con autores, ilustradores, artistas ...
- Sesións de lecturas virtuais compartidas coas familias.

- Preparar obras de teatro e representalas para os nosos alumnos.
- Outras actividades: catalogación, expurgo, selección e merca de novos fondos, xestión e organización da biblioteca, elaboración de carnés, formación de usuarios e colaboradores, exposición e difusión de fondos, trípticos ou dípticos de recomendacións, cursos de formación para mestres, pais...

C. EN RELACIÓN Á FORMACIÓN DE USUARIOS E ADQUISICIÓN DA COMPETENCIA INFORMACIONAL

- Fomento das capacidades, das competencias clave e do uso das TICS a través do enriquecemento do blog da biblioteca, de actividades de ALFIN, formación de usuarios e busca de información.
- Animación ao descubrimento da lectura noutros soportes diferentes ao libro: cómics, periódicos, internet..
- Busca de información a través de distintas fontes (internet, libros, enciclopedias...)
- Posta a disposición do profesorado o uso da “aula de informática” integrada na biblioteca, con ordenadores con acceso a internet para a realización de actividades co alumnado (traballos de investigación: busca de información e elaboración de produtos en soporte electrónico).
- Información a través de distintas fontes sobre o Samaín, Magosto, Nadal, Día da Paz, Temas científicos, Día da Muller Traballadora, os Dereitos Humanos, autor homenaxeado nas Letras Galegas, Poesía...
- Vida e obra dos autores dos libros que len e que nos visitan.

D. EN RELACIÓN AO FOMENTO DA LECTURA E O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO LECTOR.

- Elección de varios temas motivadores en torno aos que xiren as actividades realizadas durante todo o curso.
- Durante todo o curso, lectura de xornais.
- Apadriñamento lector
- Dinamización de técnicas de aprendizaxe cooperativo, entre elas Lecturas compartidas
- Introducción de estratexias de comprensión lectora
- Clubs de lectura nas aulas

- Itinerarios lectores

7. RECURSOS HUMANOS E MATERIAIS

Recursos humanos :

- O alumnado: principal axente que executa e recibe o acto lector e en torno a quen xiran a maioría das propostas. Os que como contacontos e dramatizando textos, achegan os libros aos demais compañeiros e compañeiras.
- As familias: que teñen un importante papel na motivación, no desenvolvemento e na consolidación de hábitos lectores, participando en todas as actividades que se lles propón .
- O profesorado e os diferentes equipos: que proporcionan as estratexias necesarias para a adquisición das competencias lingüísticas, para aprender a aprender, motiva para a lectura e a escritura e propón actividades varias. Ademais colabora e participa como axente motivador nas diferentes propostas que se fan ao longo do curso.
- Equipo de Biblioteca: formado por profesorado dos diferentes ciclos, coordinado por unha persoa responsable da biblioteca escolar, intentando xestionar e dinamizar eficazmente os fondos existentes e dalos a coñecer á comunidade educativa.

Recursos materiais :

- O material curricular do alumnado.
- A biblioteca escolar e os fondos bibliográficos e audiovisuais que hai nela ou en préstamo nas bibliotecas de aula.
- A biblioteca municipal coa que realizamos préstamo interbibliotecario.
- Os ordenadores e o acceso a internet.
- As tablets
- Exposicións emprestadas por outras institucións.
- Os libros aportados polas familias do alumnado das bibliotecas familiares.

8. ITINERARIOS LECTORES

En todas as clases traballaranse :

- Contos narrados pola titora.
- Contos narrados polos alumnos/as.

- Contos inventados entre toda a aula.
- Banda deseñada.
- Poesías, adiviñas, trabalinguas, refráns
- Libros de información sobre os proxectos de aula

As aulas de infantil realizarán cada unha un proxecto en torno a un conto, que da nome a súa aula:

- 3 ANOS A: *A ovelliña que veu a cear*
 3 ANOS B: *A toupiña que quería saber quen lle fixera aquilo na cabeza*
 4 ANOS A: *Cocorico*
 4 ANOS B: *Mariluz avestruz*
 5 ANOS A: *Xoaniñas*
 5 ANOS B: *Formigas*
 5 ANOS C: *A eiruga glotona*

En primaria téñense previsto os seguintes proxectos:

- 1º : Proxecto sobre o espazo.
 2º : Proxecto sobre noso barrio e localidade
 3º A: Proxecto sobre O corpo humano.
 4ºB: Proxectos en torno a ciencias sociais e naturais.

8. ACTIVIDADES PROGRAMADAS E TEMPORIZADAS:

MES	ACTIVIDADES
Setembro	Elaboración do Plan anual de lectura Posta en marcha da biblioteca escolar Formación usuarios cos mestres/as Revisión das bibliotecas de aula Organización, coordinación e reparto de funcións do equipo de BE Actualización do blog da biblioteca
Outubro	Actualización dos carnés de usuarios Posta en marcha das bibliotecas de aula Formación de usuarios do alumnado Campañas de lectura: Exposición contos de medo Contacontos de medo. Obradoiros de Samaín Concurso de cómics de terror 24 de outubro: "Día das Bibliotecas Escolares"

Novembro	Mes da ciencia: obradoiros O Magosto: receitas, adiviñas, cantigas, refráns ...
Decembro	Contos de Nadal Panxoliñas e Cantos de Reis Recomendacións de Nadal
Xaneiro	Formación de usuarios Lecturas de contos e historias de paz
Febreiro	Formación de usuarios Entroido Día de Rosalía Contacontos en familia
Marzo	Formación de usuarios Día da muller traballadora Semana da prensa Recolleita, recitado, creación de poesías Recital de poesía Contacontos en familia
Abril	Formación de usuarios Celebración do Día do Libro Visita de autores Contacontos por parte das familias
Maio	Contacontos por parte das familias Reto do galego Celebración do “Día das Letras Galegas” ALFIN sobre o autor/a homenaxeado/a o Día das Letras Galegas
Xuño	Clausura BE Guías de lecturas de verán Memoria final Solicitude PLAMBE curso seguinte

Durante o curso faranse:

- Lecturas, creación e outras actividades relacionadas co noso barrio e cidade.

- Inventar e ilustrar contos, poesías, obras de teatro relacionados coas diferentes temáticas.
- Obradoiros literarios.
- Guías de lectura.
- Traballar a bibliografía dos escritores visitados e os homenaxeados.
- Club de lectura.

9. CRITERIOS E PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN

Para a avaliación utilizaranse enquisas que recollan tanto os aspectos a avaliar como as propostas de mellora, as aportacións no blog da biblioteca, na caixa de suxestións ...

Valoraranse aspectos como:

- Melloras ao longo do curso na competencia lingüística do alumnado.
- Participación nas diferentes actividades e propostas feitas ao longo do curso.
- Adquisición de hábitos lectores .
- Traballo cooperativo e organización.
- Actividades levadas a cabo .
- Implicación das familias.
- Grao de utilización dos recursos da biblioteca escolar e de aula.
- Préstamos realizados ao alumnado e ao grupo clase.
- Incremento de fondos e difusión entre os membros da comunidade escolar.
- Satisfacción do alumnado, do profesorado e das familias.
- Cumprimento dos obxectivos do Plan Anual.

Tendo en conta todas as aportacións, elaborárase unha memoria onde recollerase o resultado do traballo e as novas propostas de mellora.

12.4 - ADDENDA AO PROXECTO LINGÜÍSTICO DE CENTRO CURSO 2020/21

1. INTRODUCCIÓN

2. COMISIÓN ELABORADORA DA ADDENDA

3. LINGUAS DE IMPARTICIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN INFANTIL

4. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEN DOMINIO DAS LINGUAS.

5. OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO ESCOLAR 2020/21

6. RESULTADOS DA LINGUA INICIAL PREDOMINANTE

7. ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS DAS LINGUAS.

8. ACTIVIDADES DE FOMENTO DO USO DO GALEGO CURSO ESCOLAR 2018-19.

9. CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA ADDENDA

1. INTRODUCCIÓN

De acordo co establecido no punto 4 do artigo 14 do Decreto 79/2010, do 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia (DOG do 25), inclúese ao Proxecto Lingüístico a presente ADDENDA de actualización de dito proxecto ao curso escolar 2017-2018.

2. COMISIÓN ELABORADORA DA ADDENDA

Oída a Comisión de Coordinación Pedagóxica o equipo directivo designou a comisión integrada polos membros que a continuación se relacionan encargada da redacción da ADDENDA que aquí se presenta:

- Sandra Sánchez Vázquez, profesora de EI, Coordinadora do Equipo de Dinamización da Lingua Galega.
- Alba Arias Prado, profesora-titora de 1º B. Especialista en Filoloxía Francesa.
- Belén Ríos Sánchez, coordinadora do Equipo English

3. LINGUAS DE IMPARTICIÓN EN EDUCACIÓN PRIMARIA E EDUCACIÓN INFANTIL

Segundo o establecido no devandito Decreto 79/2010, do 20 de maio, en sesión do Consello Escolar celebrada o día 14 de outubro de 2013 acordouse determinar as linguas en que se impartirán as distintas materias na educación primaria (Anexo I).

Na etapa de educación infantil, en función do resultado da enquisa realizada ás familias de dito alumnado en xuño de 2020, o profesorado terá en conta que o castelán é a lingua vehicular predominante no ambiente familiar para empregala nas interaccións, ó tempo que irá incorporando a lingua galega. O obxectivo é ir procurando que o alumnado adquira, de forma oral e escrita, o coñecemento da lingua galega dentro dos límites propios do segundo ciclo.

4. MEDIDAS PARA O ALUMNADO QUE NON TEN DOMINIO DAS LINGUAS.

- Valoración polo Departamento de Orientación para diagnosticar as necesidades educativas do alumnado.
- Elaboración dun plan de actuación para o coñecemento da lingua ou linguas deficitarias de acordo cos recursos cos que conta o Centro.
- Establecer os apoios para o desenvolvemento do plan establecido.
- Elaborar as medidas de reforzo educativo para a adquisición das competencias lingüísticas.

5.OBXECTIVOS XERAIS E LIÑAS DE ACTUACIÓN PARA O CURSO ESCOLAR 2020-2021

- Fomentar o emprego da lingua galega en tódolos eidos da comunidade educativa implicando a todos os seus componentes neste proceso.
- Procurar que se cumpra a lexislación vixente (materias impartidas en galego, tarefas de organización, administración e xestión de Centro).
- Potenciar a presenza no ensino, tecnoloxía, cultura, historia, lingua e literatura, arte e folclore galegos.
- Promover e levar a cabo actividades encamiñadas a desenvolver actitudes positivas cara a lingua galega que axuden a mellorar a competencia lingüística da comunidade escolar.
- Realizar actividades nas conmemoracións con raigame cultural galega e outros eventos de distinta natureza que impliquen a todo o centro educativo.
- Favorecer o intercambio cultural con outras institucións e grupos dinamizadores.
- Realizar as actividades dinamizadoras das Letras Galegas, Ricardo Carballo Cca-lero.
- Desenvolver o Proxecto do Fomento do uso do galego.
- Utilizar o galego como ferramenta de vínculo coas TICS.
- Colaborar cos distintos niveis nas distintas saídas que se organicen e que amosen aspectos da nosa cultura.
- Colaborar con outras institucións que posibiliten o desenvolvemento de exposicións, charlas relacionadas co fomento da cultura e da actualidade de Galicia.

6. RESULTADOS DA LINGUA INICIAL PREDOMINANTE (L1)

ACTUACIÓNS DINAMIZADORAS DAS LINGUAS

- a) Dende o Equipo Directivo, departamento de orientación, Equipo de Dinamización da Lingua Galega, Equipo de Biblioteca, EACE, TIC's, propiciárase todo tipo de actuacións dinamizadoras organizadas de xeito coordinado. Estas dinámicas procurarán o coñecemento e uso das linguas.
- b) Potenciación do uso da Biblioteca Escolar e Biblioteca de Aula como referente na aprendizaxe e centro de recursos, a través do Plan Anual de Lectura (programa de accións para o desenvolvemento do Proxecto Lector de Centro, encamiñado a mellorar as competencias de lectura e de escritura do alumnado en todas as áreas do currículo.
- c) Continuación da Hora de Ler, dentro do horario lectivo.
- d) Actividades de lectura relizadas no centro escolar nas que participen persoas familias e outras persoas do contorno como contacontos e outras visitas informativas.
- e) Realización de contacontos noutras linguas, como os desenvolvidos polo alumnado do Ciclo Superior de FP de Educación Infantil e Linguaxe de Signos.

- f) Mamentemento do blogue da biblioteca e de aula en varios ciclos así como a web do centro.
- g) Realización de visitas culturais e educativas para participar en actividades organizadas dende o centro, o concello ou outros organismos.
- h) Creación de espazos para a exposición de materiais que se vaian facendo nos diferentes grupos, realizados en diferentes linguas: *galego, castelá e inglés*.
- i) Confección e edición en formato dixital da revista escolar e outras publicacións.
- j) Celebración da Semana da Prensa.
- k) Celebración dun Recital Poético no segundo trimestre.
- l) Realización de obras de teatro por parte do alumnado nan biblioteca do centro e no salón de actos, para os diferentes grupos.
- m) Colaboración coas bibliotecas municipal en actividades propostas por elas, establecendo préstamos de libros co centro e promocionando o seu uso dende a escola.
- n) Realización de actividades de emprego das linguas e creación literaria, empregando as TIC's como ferramenta.
- o) Traballos de investigación de diversos temas relacionados cos proxectos realizados nas aulas nos que teñan que empregar como recursos, bibliografía diversa, webs e persoas do seu contorno.
- p) Presentación de bibliografía editada en distintas linguas.

5. ACTIVIDADES DE FOMENTO DO USO DO GALEGO

1. Emprego da lingua galega como vehicular nas actividades realizadas a nivel de centro e establecéndoa como vehículo de comunicación coa comunidade educativa a través de comunicados, web e blogues das aulas.
2. Realización da revista escolar "Faro de Monte Alto", establecendo como lingua vehicular o galego e incluíndo nela artigos e creacións en diferentes linguas oficiais do estado e extranxeiras. Na revista participa alumnado e profesorado e recolle material escrito e gráfico.
3. Celebración da Semana das Letras Galegas, adicada a **Antón Fraguas Fraguas** Exposición dun mural representativo da vida e obra do autor. Musicalización dos seus poemas. Concurso para a semana das Letras Galegas no que cada día durante o recreo, o alumnado descubra unha pregunta relacionada coa vida e obra do escritor na biblioteca, serviranse das TIC, libros e documentación para resolvela, ó día seguinte depositarán no buzón do concurso a resposta.
4. Realización de actividades relacionadas co xogo tradicional.
5. Desenvolvemento de actividades en torno ás festividades galegas: Magosto, Entroido, Maíos... nas que participe toda a comunidade escolar.
6. Realización de festivais, presentación das galas, actuacións, visionado de presentacións no proxector que empreguen o galego como língua de comunicación.
7. Realización de publicacións que recuperen información sobre tradicións do contorno (cancións, relatos orais, receitas...)
8. Fomento do uso da biblioteca e achegamento a autores galegos mediante selección de obras. Neste curso farase especial fincapé na CIENCIA..

9. Charlas e coloquios vencellados coa cultura, invitación de familiares e membros da comunidade educativa para que nos amosen as súas experiencias.
10. Realización de obras teatrais sinxelas nos diferentes ciclos que serán representadas no salón de actos do centro e na biblioteca escolar, nun proceso de intercambio de obras teatrais da nosa cultura, adaptación de textos e emprego da lingua galega.
11. Fomentar o visionado de material audiovisual en galego en diversas actividades da Biblioteca con motivo da celebración de festas.
12. Achegamento á cultura e xeografía galega a través dos contidos do currículo nos diferentes ciclos e, especialmente nunha das partes do proxecto de infantil no que se traballarán as viaxes, dentro da nosa comunidade.
13. Aprendizaxe de cancións con letras en galego populares e tamén actuais (folk, pop, rock, electrónica, rap...) que se irán subindo ós blogues e web de xeito periódico.
14. Establecemento de relación con outros Equipos dinamizadores da lingua galega, especialmente cos da cidade, para realizar actividades conxuntas e intercambiar experiencias.
15. De todas os actos e actividades procuraremos gardar material gráfico para máis tarde poder visionalos ou subilos á páxina web do centro.
16. A concreción e desenvolvemento destas propostas dinamizadoras quedará recollida no Proxecto de Fomento de Uso do Galego do actual curso acad

6. Obxetivos en Materias non lingüísticas

O Centro incorpora o inglés no ensino da materia de Plástica, no curso 2017-2018.

• ÁREA DE PLÁSTICA

1. Manipular programas informáticos para elaborar debuxos simples.
2. Traballar a imaxe fotográfica buscando a realidade representada nela.
3. Coñecer os diferentes tipos de liñas e representalas.
4. Coñecer e representar as figuras xeométricas (círculo, cadrado, rectángulo e triángulo).
5. Xerar series de composicións modulares sinxelas.
6. Encontrar no seu contorno próximas representacións de simetrías.
7. Identificar o punto como elemento esencial da forma en diferentes producións.
8. Situar no espazo do soporte facilitado as creacións propias.
9. Coñecer diferentes tons e xerar variacións de luminosidade nestes.
10. Identificar representacións planas e de volume das formas.
11. Gozar realizando creacións artísticas propias.
12. Aceptar as críticas aos produtos propios e aprender a valorar os dos outros.
13. Mostrar confianza nas propias capacidades creativas.
14. Gozar das propias obras feitas de forma individual ou en grupo.

- **Actividades de apoio**

Como medidas de apoio e reforzo para fomentar o dominio do inglés na Plástica propóñense as seguintes:

- Entrega e/ou adaptación de material apropiado á situación socio-lingüística e escolar do alumnado.
- Realización de traballos apropiados encamiñados á adquisición e fixación das estruturas básicas da lingua inglesa.
- Ler textos seleccionados que faciliten a familiarización coas estruturas básicas e coa semántica así como a velocidade lectora en lingua inglesa.
- Utilización de aplicacións informáticas favorecedoras da aprendizaxe e uso da lingua inglesa.
- Entrega de bibliografía complementaria apropiada, segundo idade e curso, para facilitarlle o acceso aos contidos establecidos na programación.
- O profesorado prestará especial atención ás dúbidas de comprensión e expresión idiomática que presente o alumnado, tanto no referido ás explicacións do persoal docente como ás que resultan da lectura de textos e realización de exercicios ou actividades.

9. AVALIACIÓN DA ADDENDA

Ao longo do presente curso escolar, ao finalizar cada trimestre, farase un seguimento do Proxecto Lingüístico de Centro e desta ADDENDA para comprobar as deficiencias detectadas e promover as melloras que procedan.

ANEXO I**LINGUA DE IMPARTICIÓN DAS DISTINTAS MATERIAS**

(Segundo o establecido no Decreto 79/2010, do 20 de maio; DOG do 25)

EDUCACION PRIMARIA

Áreas	CURSOS					
	1º	2º	3º	4º	5º	6º
Lingua galega e literatura	4h-LG	4h-LG	4h-LG	4h-LG	4h-LG	3h-LG
Lingua castelá e literatura	4h-LC	4h-LC	4h-LC	4h-LC	4h-LC	3h-LC
Matemáticas	5h-LC	5h-LC	4h-LC	4h-LC	5h-LC	5h-LC
Ciencias sociais	3h-LG	2h-LG	3h-LG	2h-LG	2h-LG	3h-LG
Ciencias natureza	2h-LG	2h-LG	2h-LG	2h-LG	2h-LG	2h-LG
Lingua extranx,	2h-IN	2h-IN	3h-IN	3h-IN	3h-IN	3h-IN
Educación artística:Plástica	1h-IN	1h-IN	1h-IN	1h-IN	1h-LC	1h-LI
Educación artística:Música	1h-IN	1h-IN	1h-IN	1h-IN	1h-IN	1h-IN
Educación Física	2h-LC	2h-LC	2h-LC	2h-LC	2h-LC	2h-LC
Relixión/Atención Educativa/Valores	1h-LC	2h-LC	1h-LC	1h-LC	1h-LC	2h-LC
Libre Configuración	-	-	-	1h-LG	-	1hFrancés
Horas Galego	9	8	9	9	8	8
Horas Castelá	12	13	11	12	13	12
Horas Inglés	4	4	5	4	4	4
Horas Francés						1
Total	25	25	25	25	25	25

ANEXO I**L1 PREDOMINANTE**

CURSO 2019- 2020

GRUPO	MA-TRÍ-CU-LA	ENQUI-SASRES-POSTAS		GALEGO		CASTELÁN		GALEGO / CASTELÁN	
		Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%	Núm.	%
EI-3 anos	48	48	100	9	18,75	37	77	2	4,1

12.5.- COCRECCIÓN DO PLAN DAS TIC'S

12.5- CONCRECIÓN DO PLAN TIC

1- XUSTIFICACIÓN

As TIC teñen un papel fundamental no proceso ensino-aprendizaxe, en especial no noso centro que participa no programa E-Dixgal xa instaurado nas tres aulas de 5º e dúas de 6º de EP. O resto de aulas conta con equipos e EDIs. A intención no presente curso é poñer todas as ferramentas TIC ao servizo da comunidade educativa para favorecer o proceso de ensino e aprendizaxe no caso dunha situación de confinamento por mor da COVID-19.

Este curso 20-21 o Equipo de Dinamización das TIC estará constituído por:

- Titora E.I. 6º A: Tamara Barral Regueiro
- Titor E.I. 6ºC: Rubén Hernández Rouco
- Titora 4ºA (Secretaria): Caterina Gómez Barrio
- Titora 4ºB: Mª Digna Baloira Nogueira
- Titora 5ºB Mª Cruz Garcia Sánchez
- AL: Ana Rivera Campos
- AL: Iria Vázquez Pérez-Coleman
- Titor 5ºA (Coordinador): David Romero Queiruga

OBXECTIVOS

A finalidade deste plan é armonizar os recursos do centro e as suas posibilidades cos coñecementos dos docentes para optimizar as TIC:

- *A longo prazo e nivel docente:*
 - Optimizar a pedagogía empregando as TIC.
 - Recoñecer nas TIC recursos óptimos para mellorar a labor docente.
 - Desenvolverse con comodidade por diferentes interfaces.
 - Integrar o centro no espacio Web.
 - Intercambiar recursos e experiencias entre docentes do centro e de fora.
- *A curto prazo e nivel docente:*
 - Manter actualizado o inventario cos cambios de que se produzan o presente curso.
 - Continuar a liña de formación de Edixgal sobre a elaboración de materiais propios.
 - Dinamizar e manter a paxina web do centro como medio de difusión de infomación do centro.
 - Ensinar estratexias e metodoloxías de aprendizaxe a distancia para toda a comunidade educativa.
 - Impulsar as ferramentas da administración para a comunicación coas familias.

- Crear un entorno de intercambio de materiales e recursos.
- *A longo prazo e nivel discente:*
 - Motivar no uso das TIC para realizar as actividades propostas.
 - Empregar o ordenador como elemento creativo e cooperativo.
 - Manexar programas e actividades realizadas en ordenador.
 - Recoñecer as fontes de información que proporciona Internet.
- *A curto prazo e nivel discente:*
 - Instruir no uso da Aula Virtual para que sepan moverse nela da maneira máis autónoma posible.
 - Recoñecer programas como o procesador de textos e presentacións.
 - Desenvolver estratexias de búsqueda de información en internet.
 - Distinguir a utilidade das TIC como recursos o seu alcance.

O dinamizador será a persoa responsable de levar un control no referente o material informático, a creación e actualización do inventario, asesoramento os docentes, información sobre cursos e solicitudes de formación no centro, xestión de horario de utilización e establecer unha normativa no referente ó uso dos equipos e os espazos, recollida de incidencias, e a busca de solución ós problemas e comunicacións cos responsables UAC, Servizo de Atención Premium e servizo técnico contratado polo centro. As reunións terán lugar unha vez o mes. Nelas determinarase as principais liñas a seguir de cara as TIC do centro.

APLICACIÓN POR ETAPAS

A aplicación do Plan TIC está no inicio así que implica moito traballo durante este curso para poñer ó día os equipos e normativas. Supón moitas novidades que teñen que ser consensuadas entre todo o equipo de mestres e mestras. Un aspecto moi importante a traballar en todas as etapas é o de boas prácticas nas TIC, seguridade e protocolos a ter en conta no manexo dos diferentes programas e contextos virtuais.

➤ *ETAPA DE EDUCACIÓN INFANTIL*

O alumnado da Etapa de Infantil terá un achegamento lúdico dos contidos que están contemplados no seu currículo. Para iso o uso de EDI serán fundamentais.

➤ *ETAPA DE EDUCACIÓN PRIMARIA*

En 1º e 2º o alumnado entrará en contacto co ordenador, aprendendo a ser autónomos no seu manexo, dirixidos pola mestra ou mestre realizarán actividades lúdicas e que completen a súa formación lecto-escritora e tamén matemática, empregando actividades deseñadas polos docentes e por xogos didácticos en CDs ou en liña. Aínda que non sexa obrigatorio instruírse ao alumnado e as familias no uso da Aula Virtual por se da lugar unha situación de confinamento.

En 3º e 4º a prioridade será a creación e instrucción do uso da Aula Virtual. A intención é formar ao alumnado con ferramentas básicas na lectura e escritura perfeccionadas que lles permiten realizar actividades deseñadas por eles. Hai que ver cal será o punto de partida e o nivel que teñen os rapaces e rapazas. Podemos empezar por programas moi sinxelos de pintura e pasar o deseño de presentacións, bitácoras, redes sociais, etc.

5º e 6º participa en E-Dixgal, o cal supón unha plena integración das TIC no día a día do

alumnado. Contamos coa posibilidade de impulsar o portafolio dixital “Aqueiros”.

➤ **ALUMNADO DE NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS**

O Departamento de Orientación contará con programas específicos. O dinamizador proporcionará materiais de referencia e programas que poden ser útiles para atender as diferentes necesidades cando se solicite. Tamén colaborará na búsqueda de axudas técnicas cando se precise.

AVALIACIÓN

A avaliación realizarase en dúas fases:

- **Avaliación Inicial:** onde se valorará o plan do curso anterior e se establecerá as necesidades para o presente curso.
- **Avaliación final:** Analizaránse cada unha das actividades e se planteará unha reflexión para crear unha serie de propostas de cara o curso seguinte.

12.6.-Plan de Igualdade

Plan de actuacións para a Igualdade no CEIP Plurilingüe “Víctor López Seoane” 2020-2021

INDICE

1. Introducción.
2. Contextualización normativa e do centro.
3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.
4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan.
5. Medidas concretas de actuación nos seguintes ámbitos:
6. Seguimento e avaliación.

1. Introducción.

A **lexislación comunitaria** en materia de igualdade de xénero constitúe a base fundamental da política de igualdade de oportunidades en Europa.

Na mesma liña, a **Constitución Española** promulga que somos iguais ante a lei, desde hai anos a normativa vixente ampara a igualdade entre mulleres e homes e a non discriminación por razón de orientación afectivo-sexual e identidade de xénero.

Seguindo o “**I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**”, proposto pola **Secretaría Xeral da Igualdade (Vicepresidencia e C. Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza)** e a **Consellería de Cultura, Educación e Ordenación**”, educar é proporcionar unha formación integral que lles permita a nenos e nenas, mozos e mozas unha formación plena e que axude a configurar a súa identidade, así como construír unha concepción da realidade que integre á súa vez o coñecemento e a súa valoración ética e moral.

Aplicar o Plan de Igualdade nun centro educativo é unha tarefa complexa que abrangue moitos ámbitos e aspectos distintos. Pero o **obxectivo fundamental** é Coeducar que implica educar sen diferenciar as mensaxes en función do sexo. Desde as aulas podemos ensinarlles aos nenos e ás nenas a ter unha visión do mundo e da sociedade libre de prexuizos e estereotipos.

Para a elaboración deste Plan tivéronse en conta cinco principios inspiradores que sustentan todos e cada un dos eixes de actuación:

- **Valores democráticos**
A coeducación constitúe un modelo educativo que garante os valores sobre os que sustentan as sociedades democráticas (igualdade, liberdade, xustiza) pois garante a defensa dos dereitos humanos.
- **Transversalidade**
A perspectiva de xénero integrárase no proxecto educativo como estratexia de introdución da transversalidade nas políticas públicas educativas.
- **Inclusión**
A aplicación da perspectiva de xénero supón a erradicación de calquera situación de discriminación do alumnado por razón de sexo, xénero, identidade de xénero ou orientación sexual.
- **Igualdade de oportunidades**
O centro educativo axuda á construción dunha sociedade libre na que mulleres e homes teñan as mesmas oportunidades de realización persoal e profesional.
- **Visibilidade**
Un plan de igualdade contribúe a transmitir un coñecemento libre de estereotipos que favorece a identificación e o recoñecemento de todos os saberes máis alá do xénero.

Considérase, por tanto, que o ofrecer igualdade na educación dos dous sexos é condición necesaria para que as potencialidades individuais de mulleres e homes poidan estimularse

e desenvolverse. Pero non é igualitario, nin por tanto xusto, tratar do mesmo modo a quen son diferentes, nin obviar as diferenzas.

A igualdade garante o respecto aos dereitos fundamentais de todos e todas e contribúe a unha sociedade máis xusta, tendo o sistema educativo un papel moi importante no asentamento deste principio desde os primeiros niveis de escolarización.

No proxecto educativo de centro contemplaranse medidas para promover a igualdade de xénero xa que os Proxectos educativos deben potenciar a igualdade de oportunidades entre nenos e nenas, entre os e as adolescentes, sexa cal sexa a súa condición. A finalidade destes proxectos é educar en igualdade, erradicar estereotipos e discriminacións por razóns de sexo, de identidade de xénero ou de orientación afectivo-sexual, e prever as súas consecuencias.

Para evitar a reprodución de estereotipos sexistas na invisibilidade das mulleres e do colectivo LGBTI, na presunción de heterosexualidade na comunidade educativa, na discriminación por razóns de identidade de xénero ou orientación afectivo-sexual, na orientación profesional segregadora, nas diferenzas no uso de espazos, tempos e palabras, na normalización das agresións dos máis fortes contra as e os máis débiles, xustificadas nos estereotipos sexistas e homofóbico, na prevalencia do masculino nos libros de texto e materiais curriculares e na presunción de familia nuclear heterosexual, faise necesaria a aplicación de medidas individuais e colectivas encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades, e, por tanto, asentar as bases para conseguir un centro coeducativo, libre de discriminación e respectuoso con todas as diversidades, no que todos e todas as estudantes teñan o mesmo dereito a unha educación de calidade nun ambiente escolar seguro.

Estas medidas serán canalizadas por unha **coordinadora do Plan de Igualdade**, á que tamén lle corresponde:

- Velar pola igualdade entre homes e mulleres no centro educativo.
- Promover o libre desenvolvemento da personalidade de cada persoa.
- Impulsar medidas educativas que fomenten a igualdade real entre homes e mulleres.
- Promover e impulsar medidas educativas que fomenten o respecto pola diversidade afectivo-sexual, familiar e de identidade de xénero.
- Dinamizar que se favoreza a resolución pacífica de conflitos en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social.

2. Contextualización normativa.

BASES LEGAIS NO ÁMBITO ESTATAL

No marco da **Unión Europea, no artigo 8** do Tratado de Funcionamento da Unión Europea proclama que a igualdade entre homes e mulleres é un principio de actuación das institucións comunitarias.

Resolución do **Parlamento Europeo**, do 9 de xuño de 2015, sobre a estratexia da UE para a igualdade entre mulleres e homes, considera que poñer fin á discriminación baseada no xénero, ten efectos positivos para as mulleres e para a sociedade e a economía en xeral.

A **Constitución española de 1978** recoñeceu no **artigo 14** a igualdade ante a lei por razón de sexo, pero, máis alá dese recoñecemento formal, estableceuse no **artigo 9.2** que é unha obriga dos poderes públicos promover as condicións para que esa igualdade sexa real e efectiva.

A L.O.M.C.E. **lei orgánica 8/2013**, de 3 maio, de Educación contempla en varios apartados o tema da igualdade entre homes e mulleres. Vexamos a continuación algúns deles:

Non seu preámbulo establece que só un sistema educativo de calidade, inclusivo, integrador e esixente, garante a igualdade de oportunidades e fai efectiva a posibilidade de que cada alumno ou alumna desenvolva ao máximo as súas potencialidades.

O artigo 1 establece que o sistema educativo debe favorecer o desenvolvemento na escola dos valores que fomenten a igualdade efectiva entre homes e mulleres, así como a prevención da violencia de xénero.

No artigo 17.d “Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas con discapacidade”. Este é un dos obxectivos que se pretenden en Ed. Primaria.

No Artigo 66.3.g contéplase “Prever e resolver pacificamente os conflitos persoais, familiares e sociais. Fomentar a igualdade efectiva de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres, así como analizar e valorar criticamente as desigualdades entre eles”.

No Artigo 78. Normas de organización, funcionamento e convivencia: “Aqueles condutas que atenten contra a dignidade persoal doutros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, na orientación ou identidade sexual, ou unha orixe racial, étnica, relixiosa, de crenzas ou de discapacidade, ou que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, do centro”.

No Artigo 84.3 “En ningún caso haberá discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, relixión, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social”

No Capítulo III, sección primeira, o Consello Escolar, podemos atopar os seguintes artigos

relacionados con este tema:

Artigo 126.2 “Unha vez constituído o Consello Escolar do centro este designará unha persoa que impulse medidas educativas que fomenten a igualdade real e efectiva entre homes e mulleres”.

No Artigo 127.g “Promover medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres e a resolución pacífica de conflitos entre todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social”.

BASES LEGAIS NO ÁMBITO AUTONÓMICO

O noso **Estatuto de Autonomía** considera que a promoción da igualdade debe estar presente en toda a actividade administrativa. En concreto, na regulación e fomento da educación, e na súa extensión, nos diferentes niveis e graos, modalidades e especialidades.

O **decreto lexislativo 2/2015**, do 12 de febreiro, texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade establece:

No Artigo 17. O currículo regulador do sistema educativo.

1. A Xunta de Galicia adoptará, dentro das súas competencias, as medidas conducentes a lles proporcionar, tanto ás mulleres coma aos homes, unha educación para a igualdade.

Baseada nos criterios:

- A comprensión do valor constitucional da igualdade entre ambos sexos.
- Axeitado reflexo do papel das mulleres nas contribucións ao coñecemento humano na evolución histórica.
- A adquisición das actitudes favorables polas labores familiares compartidas.
- O fomento das vocacións femininas ou masculinas nas áreas onde se atopen infrarrepresentadas, evitando as decisións profesionais derivadas de prexuízos.
- A garantía da coeducación na Comunidade Autónoma de Galicia.

2. A Xunta de Galicia incluírá nos programas de formación do profesorado, como materia específica, a igualdade e a violencia de xénero.

No Artigo 18. Erradicación de prexuízos nos centros docentes.

1. Non se admitirán as desigualdades entre alumnos e alumnas nunha distribución estereotipada de papeis entre os sexos.

2. Non se permitirán ningunha forma de machismo e de misoxinia.

- no marco da Lei orgánica 5/2002, do 19 de xuño, das cualificacións e da formación profesional, a Xunta de Galicia favorecerá a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes.

- no Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia como o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do

bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia establecen o obxectivo da igualdade entre mulleres e homes.

-tamén nos decretos aprobados nos últimos anos que regulan cada currículo de ciclos formativos e as ensinanzas especiais.

-na Lei galega 11/2007, do 27 de xullo, para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero dedica o capítulo III do Título I ás medidas encamiñadas á formación e prevención da violencia de xénero.

-na Lei 2/2014, do 14 de abril, pola igualdade de trato e a non discriminación de lesbianas, gays, transexuais, bisexuais e intersexuais en Galicia, dedica o capítulo V ás medidas no ámbito da educación.

No Artigo 22. Inclusión da realidade LGTBI nos plans de estudos.

No Artigo 23. Fomentar a realización de actividades dirixidas á comunidade escolar para a prevención de actitudes e comportamentos discriminatorios pola orientación sexual ou a identidade de xénero.

No Artigo 24. Incorporarase a realidade LGTBI e os distintos modelos de familia aos cursos e másters de formación do futuro persoal docente.

Artigo 25. Divulgación da realidade LGTBI entre as ANPA.

Artigo 26. Combater o acoso e favorecer a visibilidade do alumnado LGTBI e a plena normalidade das distintas orientacións sexuais e identidades de xénero. Así mesmo, informarse sobre os mecanismos de denuncia dos casos de acoso.

- o Decreto 105/2014, do 4 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia establece como un obxectivo da educación primaria desenvolver unha actitude contraria aos “prexuízos de calquera tipo e aos estereotipos sexistas e de discriminación por cuestións de diversidade afectivo-sexual”.

- o Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato inclúe entre os seus elementos transversais evitar “os estereotipos que supoñan discriminación por razón da orientación sexual ou da identidade de xénero, favorecendo a visibilidade da realidade homosexual, bisexual, transexual, transxénero e intersexual”.

-o Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, contempla:

- a integración do principio de igualdade entre mulleres e homes.
- igualdade de dereitos e oportunidades entre homes e mulleres.
- unha comisión de convivencia para garantir a igualdade de trato de todos os membros da comunidade educativa e a resolución pacífica de conflitos.
- prevención, detección e eliminación de todas as manifestacións de violencia, especialmente do acoso escolar, da violencia de xénero e das actitudes e comportamentos xenófobos e racistas.

3. Análise da situación do centro en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTifobia.

MATRÍCULA DO CENTRO EN RAZÓN DO XÉNERO

O CEIP Plurilingüe “Vítor López Seoane” ten incrementado a súa matrícula moi significativamente na última década, consolidando a liña 2 na súa oferta formativa.


Curso	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Homes	145	152	141	149	167	174	180	203	212	232
Mulleres	128	130	145	153	164	176	187	213	214	199
CEIP	273	282	286	302	331	350	367	416	426	431

Dende o ano 2010 ao 2019 a matrícula do centro medrou nun 58%, pero este crecemento é diferente entre nenos e nenas.

Se comparamos o ano 2019 co ano 2010, no 2019 a matrícula de nenos medrou sobre o 2010 nun 60%, mentres a matrícula das nenas medrou nun 55%.

Polo tanto, a evolución do xénero na matrícula neste 10 anos tornou dúas veces, según observase no seguinte gráfico:

- dende 2010 ata 2012, unha tendencia de maioría varóns.
- dende 2012 ata 2017, maioría de mulleres.
- dende 2018 ata 2019, nova maioría de varóns,



No comezo da década, no 2010, os nenos contaban o 53% da matrícula, e as nenas o 47%.

Curso	2010	2011	2012	2013	2014	2015	2016	2017	2018	2019
Homes	53%	54%	49%	49%	50%	50%	49%	49%	50%	54%
Mulleres	47%	46%	51%	51%	50%	50%	51%	51%	50%	46%

A matrícula vai crescendo, e tamén a matrícula das nenas, que dende o ano 2012 ata o 2017 chega ao 51% da matrícula, e os nenos un 49%. Incluso nese ano 2017 no 3º ciclo de Educación Primaria as nenas son un 60%.

Na tabla seguinte vemos o detalle dos últimos 3 anos.

	2017	2018	2019	2017	2018	2019
EI_V	70	73	81	49%	50%	54%
EI_M	73	73	68	51%	50%	46%
EP1_V	50	46	53	54%	49%	54%
EP1_M	42	47	45	46%	51%	46%
EP2_V	47	53	49	51%	52%	54%
EP2_M	45	48	41	49%	48%	46%
EP3_V	36	49	49	40%	52%	52%
EP3_M	53	45	45	60%	48%	48%
CEIP_V	203	212	232	49%	50%	54%
CEIP_M	213	214	199	51%	50%	46%

Pero nos últimos anos a tendencia volve cambiar.

Neste curso 2019-2020 a matrícula de nenos chega ao 54%, a matrícula das nenas achega só un 46%.

Esta desproporción de 8 puntos porcentuais dos nenos sobre as nenas podemos observala en Educación Infantil, e no 1º e 2º ciclo de Primaria. No 3º ciclo de Primaria son 4 puntos de porcentaxe de nenos respecto a nenas.

Estas diferencias estatísticas na matrícula entre nenos e nenas, non xeran ningunha diferenza no desenvolvemento do currículo escolar.

O Claustro de Profesorado, e cada titor ou titora recoñecen esta realidade estatística e planifican a Programación do seu curso para garantir a igualdade entre nenos e nenas na súa escolaridade no CEIP Plurilingüe “Vítor López Seoane”.

INCIDENTES EN RAZÓN DO XÉNERO

O CEIP Plurilingüe “Vítor López Seoane” dispón dende o curso 2016/2017 dun programa

especial para resolución de conflitos no alumnado, o programa TEI de Tutoría entre Iguais.

Este programa tamén serve de mecanismo de identificación de conductas contrarias igualdade de xénero ou de violencia de xénero.

Nestes 4 anos de implementación do programa TEI non se ten identificado casos ou conflitos entre o alumnado en razón do xénero.

No mesmo sentido, nos últimos 5 anos, o Equipo directivo non deu inicio ningún expediente disciplinario en relación coa igualdade de xénero, coa violencia de xénero e coa LGBTIfobia.

4. Obxectivos coeducativos que se abordan no plan:

De acordo co marco legal e coa finalidade de dar resposta aos retos que en materia de igualdade e de prevención de violencia de xénero ten o sistema educativo na actualidade, e seguindo o **I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020**, estrutúrase en 6 eixes de actuación subdivididos en obxectivos e medidas de actuación.

Eixe 1: Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

Eixe 2: Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

Eixe 3: Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).

Eixe 4: Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e repectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva.

Eixe 5: Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

Eixe 6: Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención e compensación de situacións de discriminación múltiple.

Os **obxectivos priorizados no CEIP Plurílingue “Vítor López Seoane”** para os cursos 2019 ata 2021 son os seguintes -numerados seguindo o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020-.

Eixe 1: Afondar no modelo de coeducación e introducir a perspectiva de xénero nas dinámicas educativas.

- *Obxectivo 1.2.-* Facilitar o desenvolvemento do traballo en rede e visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino, especialmente no que se refire á conciliación e á corresponsabilidade.
- *Obxectivo 1.3.-* Fomentar a elaboración, elección e uso de materiais didácticos inclusivos e coeducativos
- *Obxectivo 1.5.-* Promover a participación e implicación das familias no traballo coeducativo.

Eixe 2: Fomentar dinámicas educativas libres de estereotipos de xénero, favorecendo que o alumnado poida desenvolver o seu proxecto vital sen condicionamentos, desde a liberdade e diversidade de opcións.

- *Obxectivo 2.2.-* Visibilizar as boas prácticas coeducativas dos centros de ensino.
- *Obxectivo 2.3.-* Achegas de disposicións curriculares en materias de libre configuración ou de oferta autonómica nas distintas etapas educativas.
- *Obxectivo 2.4.-* Posta a disposición dos centros de recursos, estratexias, metodoloxías, materiais, encamiñados a crear espazos e tempos de convivencia non estruturados (recreos, entradas e saídas, comedores escolares, clubs de lectura, etc) libres de roles de xénero.

Eixe 3: Integrar a perspectiva de xénero no traballo cara ao éxito escolar e garantir que a formación inicial e ao longo da vida, acolle a todo o alumnado na súa diversidade (étnica, cultural, social, económica, funcional, sexual, de xénero, lingüística,...).

- *Obxectivo 3.2.-* Facilitar modelos profesionais e vitais diversos que rompan roles de xénero e que favorezan unha perspectiva aberta, plural e positiva
- *Obxectivo 3.3.-* Visibilizar e eliminar os estereotipos que persisten na sociedade respecto dos ámbitos de realización persoal e profesional e promover no alumnado, tanto de educación primaria e secundaria como de Formación Profesional, unha elección do futuro académico e profesional libre de estereotipos de xénero.
- *Obxectivo 3.4.-* Formación, a través das Escolas de Nais e Pais e doutros axentes socio-educativos relacionados, da necesidade de potenciar os talentos persoais como referentes en todos os ámbitos en pé de igualdade.

Eixe 4: Educar desde a diversidade para unhas relacións afectivas e sexuais saudables e respectuosas, e para unha convivencia harmónica que integre a diversidade de xénero, sexual, e afectiva

- *Obxectivo 4.1.-* Establecemento de ámbitos de socialización que favorezan o

coñecemento e a convivencia dentro da comunidade educativa co fin de ofrecer contextos onde visibilizar as boas prácticas.

- **Obxectivo 4.2.-** Elaboración e posta a disposición dos centros educativos de todos os niveis de materiais e orientacións para a abordaxe da educación afectiva e sexual desde o respecto á diversidade e o desenvolvemento dun proxecto de vida libre e saudable en plenitude.
- **Obxectivo 4.3.-** Colaboración con axentes socio-educativos e de formación en materia de saúde, para a abordaxe integral da saúde afectivo-sexual entre todas as persoas destinatarias da comunidade educativa galega, independentemente do nivel e réxime de escolarización.

Eixe 5: Traballar as relacións de uso abusivo do poder e a violencia sistémica no exercicio das relacións persoais, co fin de visibilizar os mecanismos que sustentan a violencia de xénero, e favorecer relacións pacíficas e positivas para todos os membros da comunidade.

- **Obxectivo 5.2.-** Facilitar orientacións para a súa adaptación e inclusión no plan de convivencia do centro, que permitan a prevención e detección precoz daquelas condutas que se integran no gradiente da violencia de xénero (control, acoso, abuso, etc).
- **Obxectivo 5.3.-** Actividades de sensibilización, información, formación e intervención para toda a comunidade educativa, en ambientes de socialización cibernéticos (redes sociais, mensaxería instantánea, videoxogos en liña, etc).

Eixe 6: Abordar a detección precoz e resposta eficaz e sistémica á violencia de xénero e outras formas de abuso, discriminación e violencia asociadas, con especial atención á prevención/compensación de discriminacións múltiples.

- **Obxectivo 6.2.-** Elaboración de protocolos de actuación para dar resposta ás necesidades dos centros (prevención, identificación, atención, denuncia) co fin de atender as súas realidades.
- **Obxectivo 6.3.-** Correlación con outros programas e protocolos en materia de diversidade e convivencia, tanto dentro da propia CCEOU como con outros axentes socio-educativos, sanitarios e de benestar.
- **Obxectivo 6.6.-** Favorecer a investigación e intervención do alumnado sobre o seu contorno para detectar situacións, imaxes, actitudes... que actúen a favor dos roles de xénero marcados, os estereotipos, a presión social e a violencia por razón de xénero.

5. Medidas concretas de actuación

As **medidas de actuación programadas no CEIP Plurilingue “Vítor López Seoane”** para os cursos 2019 ata 2021 son as seguintes -numeradas seguindo o I Plan de actuacións para a Igualdade nos centros educativos de Galicia 2016-2020-.

M13. Impulsar a formación e participación das familias a través das

<p><i>Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.</i></p>
<p><i>M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da muller.</i></p>
<p><i>M20. Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo.</i></p>
<p><i>M24. Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.</i></p>
<p><i>M27. Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.</i></p>

Estas 5 medidas aportan achegas a 16 Obxectivos dos 6 Eixes do Plan.

Obxectivos	Eixe 1	Eixe 2	Eixe 3	Eixe 4	Eixe 5	Eixe 6
M13	1.2; 1.5	2.2	3.4	4.1	5.3	
M16	1.5		3.2;3.3;3.4			6.6
M20		2.3				
M24	1.3	2.4		4.2;4.3	5.3	6.2;6.3
M27			3.3			
Nº Obxectivos	3	3	3	3	1	3
Total: 16						

Para cada medida de actuación identifícanse os seguintes atributos:

Medida	M13. Impulsar a formación e participación das familias a través das Escolas de Nais e Pais como instrumento de acción coeducativa e de fomento da promoción da igualdade de oportunidades.
Indicadores de Control	<ul style="list-style-type: none"> • N.º de accións • N.º de nais participantes • N.º de pais participantes
Accións	<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Celebración de Obradoiros na Escola de Nais e Pais para abordar situacións discriminatorias en razón do xénero que permita estender nas familias os criterios de igualdade de trato e oportunidades.</i>

Medida	M16. Favorecer a implicación das familias nos programas de innovación educativa relacionados coa actividade deportiva co fin de afondar na inclusión da muller.
Indicadores de Control	<ul style="list-style-type: none"> • Implicación no programa ENKI: si /non • Implicación na Gymkana: si /non
Accións	<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Participar na Carrera ENKI.</i> Fundación Abrente organiza la CARRERA ENKI GALICIA, una prueba no competitiva de obstáculos sobre un recorrido de 2,5km aberta a todos los públicos: niños sin edad mínima, familia, deportistas y no deportistas, hombres, mujeres, personas con y sin movilidad reducida, atletas...etc. <i>Coa participación de alumnos e alumnas, nais e pais, e profesorado. Todos xuntos en igualdade.</i> ➤ <i>Organizar no CEIP unha Gymkana de Xogos en Igualdade entre nenos e nenas, tamén coas súas familias.</i>

Medida	M20. Establecer un grupo interdisciplinario para a resolución das cuestións relacionadas coa inclusión da perspectiva de xénero no ámbito educativo.
Indicadores de Control	<ul style="list-style-type: none"> • Creado: si /non • N.º de informes/documentos/ actas...
Accións	<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>O proxecto “TEI, Titoría entre Iguais”, xera un instrumento de resolución de conflitos entre o alumnado cunha metodoloxía integradora, con criterios de igualdade.</i> ➤ <i>Organizar “Círculos restaurativos” sobre igualdade, cunha metodoloxía aberta e integradora.</i>

Medida	M24. Configurar e xestionar maletas viaxeiras para ensinanza obrigatoria sobre igualdade de xénero, violencia de xénero e educación afectiva e sexual.
Indicadores de Control	<ul style="list-style-type: none"> • Creado: si /non • N.º de recursos que inclúe • N.º de solicitudes por grupos educativos
Accións	<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Na biblioteca dispónse unha selección de Bibliografía escolar e educativa, segun niveis, sobre igualdade de trato e oportunidades.</i> <i>Rotación da “maleta bibliográfica” polas aulas do centro, segun solicitude dos grupos educativos.</i>

Medida	M27. Promover a imaxe das mulleres no ámbito educativo para que o alumnado dispoña de referentes femininos en todos os eidos da sociedade.
Indicadores de Control	<ul style="list-style-type: none"> • Nº de accións realizadas en centros educativos para promover a imaxe das mulleres • N º de alumnas e alumnos participantes • % de alumnas e alumnos participantes
Accións	<ul style="list-style-type: none"> ➤ <i>Celebración dun Día das Mulleres Traballadoras en traballos con desigualdade en razón de xénero.</i> ➤ <i>Celebración dun Día das Mulleres Científicas para empoderar as mulleres en igualdade de oportunidades.</i>

6. Seguimento e avaliación.

A avaliación terá carácter continuo e avaliaremos:

- ✓ Consecución dos obxectivos.
- ✓ Participación activa da Comunidade Educativa.
- ✓ Coordinación entre o profesorado.
- ✓ Grao de participación de axentes externos(asociacións, familias...),
- ✓ Actitude do alumnado
- ✓ Materiais empregados
- ✓ Memoria final ao Claustro do CEIP Plurilingüe “Vitor López Seoane”.